

Premios de Investigación Fundación Barrié-RAGC

Convocatoria 2024

A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) e a Fundación Barrié queren dar recoñecemento público á investigación do máis alto nivel que se desenvolve en Galicia mediante a concesión de premios de investigación, que se rexerán polas seguintes

BASES

CONDICIÓNS A CUMPRIR

- Premiaranse traballos de investigación realizados total ou parcialmente en universidades e centros de investigación de Galicia. Deberán estar publicados ou aceptados para publicación en revistas de difusión internacional con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2023.
- Os traballos deben estar realizados nalgunha das áreas temáticas das seccións da Academia: Matemáticas, Física e Ciencias da Computación; Química e Xeoloxía; Bioloxía e Ciencias da Saúde; Ciencias Técnicas; e Ciencias Económicas e Sociais.
- A persoa solicitante debe ser autora do traballo e figurar como asinante en primeiro ou en último lugar. No seu caso, debe contar coa autorización das persoas coautoras. As académicas e académicos da RAGC non poderán ser solicitantes. Cada solicitante poderá presentar unha única candidatura.

DOTACIÓN

- Outorgaranse **tres premios**, dotados con **5.000 €** cada un, aos traballos correspondentes ás seguintes grandes áreas de coñecemento: Ciencias Básicas, Ciencias Técnicas e Ciencias Sociais.

- En cada categoría poderase conceder un accésit (dous no caso de Ciencias Básicas).
- Os premios poderán declararse desertos por falta de traballos con méritos suficientes.

PROCESO DE PRESENTACIÓN

- A participación será tramitada de xeito telemático a través dun formulario electrónico dispoñible na **web da Real Academia Galega de Ciencias (ragc.gal)**, que permite que todo o proceso de avaliación sexa completamente anónimo.
- O **formulario** consta de 3 seccións:
 - a. Título do traballo e nome da persoa solicitante e, de ser o caso, a autorización das persoas coautoras.
 - b. Resumo do traballo, en galego ou español, cunha extensión máxima de 4 páxinas, salientando a orixinalidade do traballo e explicando a importancia dos principais resultados atinxidos. Asemade, deben proporcionarse os indicadores de calidade da publicación (nivel da revista, citas...).
 - c. O traballo (máximo 5 MB), no que terán que ocultarse os nomes dos autores.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo da convocatoria remata o **10 de xaneiro de 2025**.

COMITÉ DE SELECCIÓN

O comité de selección estará formado pola presidencia da RAGC e polas presidencias das cinco seccións da RAGC, ou persoas nas que deleguen.

ENTREGA DOS PREMIOS

As persoas premiadas, incluíndo os accésits, recibirán os correspondentes diplomas acreditativos, que serán entregados no acto de apertura do curso académico da RAGC.

Fundación Barrié



RAGC/
REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS